**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE MAIO DE 2015**
**=========================================**

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas
DÍA: 11 de maio de 2015
HORA DE COMEZO: 13:40 h.
HORA DE REMATE: 14:25 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), Rafael Soliño Costas, Dª Mª Lucía Lede Fernández e D. Jesús Manuel Graña Graña.

AUSENTES: Dª Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco e Dª Dolores Gallego Santos.

SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, Dª Berta Alonso Soto e a interventora, Dª Mª Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 23, 30 DE MARZO E 6 DE ABRIL DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 23, 30 de marzo e 6 de abril de 2015.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 7 DE MAIO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local

acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparellador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparellador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.
10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen

ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construcción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó cami|o ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

***
MAIORES

EXPEDIENTE N° 25.322.- A Maria José Rodriguez García, para en Vilariño 181-Hio, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 9, proceder o remodelado integral interior da vivenda existente, sen aumento de volume, de conformidade co proxecto do arquitecto Alfonso Penela Fernandez, de novembro de 2.014, completado en xaneiro de 2.015 e a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

2.A.2) <u>DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:</u>

EXPEDIENTE N° 21.925.- DECLARACION DE CADUCIDADE DA LICENZA MUNICIPAL N° 21.326.- Transcurrido, sobradamente o prazo de execución das obras amparadas na referida licenza e despois do tramite de audiencia ó interesado, notificado con data 12 de marzo de 2.015, sen que presentara alegación ningunha, a Xunta de Goberno LOOcal acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística n° 21.326 concedida a favor de NEMORIS PROMOCIONES INMOBILIARIAS, S.L e a extinción dos seus efectos por incumprimento do prazo inicio das obras estipulado.

SEGUNDO.- Advertir que unha vez notificada a declaración de caducidade da licenza, para comezar ou terminar os actos de uso do solo para os que foi concedida, será preciso solicitar e obter unha nova licenza urbanística. En tanto a mesma non sexa obtida, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens, e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde do Concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportuno e dar traslado da mesmo ó Servicio de Inspección Urbanística a fin de que se

adopten as medidas necesarias para garantir a seguridade das personas e os bens e en relación cas actuaciones no amparadas por licenza.

2.A.3) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 24.451.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR DASOMAR S.L.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola Arquitecta da oficina de rehabilitación, con data 6 de maio de 2008, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a DASOMAR S.L., para restauración de edificio para de 4 vivendas, en Eugenio Sequeiros 31 - Cangas, construida o abeiro da licenza municipal N° 23463.

2.A.4) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.945.- O tramitado a instancia de Antonio Alvarez Suarez, para construcción de muro de contención en Vilanova - Hio, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 17 de setembro de 2.014.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparellador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

***

## 3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.184.- GAS GALICIA SDG .SA, canalización en Avda. De Moaña - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.394.- Juan Antonio Guerra Castro, cerco frontal e edificación adxetiva en Camiño Vello 14 A - San Cibran - Aldan.

EXPEDIENTE N° 25.399.- B. SOUL GALICIA S.L.U., acondicionamento de local en Eugenio Sequeiros 14 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.408.- José Piñeiro Lages, cambio tella en Gandón 2 6 - Aldan.

EXPEDIENTE N° 25.415.- Elsa Lemos Soliño, formación de cuberta en terraza en Alvaro Guitian 1 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.420.- UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., canalización en Fontaiña Aldan.

EXPEDIENTE N° 25.421.- Moisés Fernandez Ortega, reparacións interiores en Rosada 60 - Coiro.

INCIDENCIAS: no tratamento do expediente n º 25.422, ausentouse do salón de sesións o concelleiros, Sr. Soliño Costas.
EXPEDIENTE N° 25.422.- Wenceslao Gandón Dacosta, cerco en Barreiras 3 - Limens - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.427.- O COLMADO DE MARUJAMARIA C.B., reparación de local en Avda. Marin 19 b - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.433.- Bruno Gallego Cancelas, cerco en Gruncheiras 9 - Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.436.- M. Indalecio Garcia Garcia-Bravo, reparación de fachadas en Avda. De Vigo 60 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.437.- Jesús Pena Fernandez, reformas en baño, falso teito, porta e tarima flotante en Estrada de Aldan 82 - San Roque - Darbo

EXPEDIENTE N° 25.438.- Edelmiro Cabanelas Villar, cerco en Rosada 67 - Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.439.- Jesús Rivas e Javier Torres, adaptación de baño para minusválidos en Vilariño 61 - baixo - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.443.- GAS GALICIA SDG SA, canalización en Gatañal 20 - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.444.- GAS GALICIA SDG SA, canalización en Celso Emilio Ferreiro 10 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.447.- Manuel Figueroa Lemos, adecuación de acabados en baixo , en Castiñeiras 15 - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.451.- Jesús Angel Martinez Graña, reparacións interiores en vivenda, en Avda. De Vigo 5 - 3o A - Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.821.- José Nogueira Bernárdez, cambio titularidade bar en Castelao 21 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.824.- EL BAUL DE MERCEDITAS C.B., cambio titularidade tenda de roupa en Rúa Cega 1 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.829.- Amparo Parcero Molanes, cambio titularidade oficina en Benigno Soage 4 - Cangas.

## 4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 33/2014-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 23.4.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 33/2014-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXPEDIENTE N° 33/2014-S*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Río Esteiro-O Hío, consistentes en: reconstrución dun muro de pedra a menos de 4 metros do eixo do camiño.*

*Resultando que, o día 22 de abril de 2015 a inspección de obras informa que: 'presentado no lugar púidose comprobar que a ampliación do muro de cerramento polo que foi incoado este expediente de infracción urbanística, foi demolido, polo que considero que foi reposta a legalidade urbanística.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Eufrasia Lago Álvarez, promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02; do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave, segundo o sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días, desde a súa notificación, reduciráselle ésta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como, na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común;'e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*<u>TERCEIRO.-</u> O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 16 de xuño de 2011.*

*<u>CUARTO.-</u> Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*<u>QUINTO.-</u> Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como, a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*<u>SEXTO.-</u> Conceder aos interesados un prazo de quince días, a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*<u>SÉTIMO.-</u> Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.*

*<u>OITAVO.-</u> Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*<u>NOVENO.-</u> Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da/o Alcaldía/instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 33/2014-S.

**5º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA COMPRENDIDA NO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 O VISO-O HÍO, P.K. 0+000 A 1+000 (CANGAS)"**

Examinado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cagas, asinado o día 28.4.15, para a execución da obra comprendida no proxecto "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO-O HÍO, P.K. 0+000 A 1+000 (CANGAS)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cagas, asinado o día 28.4.15, para a execución da obra comprendida no proxecto "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO-O HÍO, P.K. 0+000 A 1+000 (CANGAS)".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Urbanismo e Intervención.

## SUBVENCIÓNS

## 6º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS PARA O PROXECTO DENOMINADO "MELLORA ACCESO ESPIÑEIRA-ALDÁN-CANGAS"

Dáse conta de escrito do día 30.4.15 (R.E. nº 6152 do 6.5.15) da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que comunica ao Concello de Cangas que estableceu as bases reguladoras e convocou as subvencións que se recollen na Orde do 22 de decembro de 2014, modificada pola orde do 27 de abril de 2015, pola que se ampliou a súa dotación económica (DOG núm. 79, do 28 de abril), para creación, mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a concellos de Galicia para o ano 2015.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co disposto na orde de convocatoria, resolveu concederlle unha subvención por importe de TRINTA E TRES MIL CINCUENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (33.057,86 €) ao Concello de Cangas, para o proxecto denominado "Mellora acceso Espiñeira Aldán-Cangas". Esta axuda representa o 80,00% sobre o custo elixible do proxecto.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da concesión por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de concesión de subvención por importe de TRINTA E TRES MIL CINCUENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (33.057,86 €) ao Concello de Cangas, para o proxecto denominado "Mellora acceso Espiñeira Aldán-Cangas".

**7º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL DA CULTURA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS PARA O EQUIPAMENTO DO PROXECTO DE "PANTALLA DE PROXECCIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL"**

Examinado o escrito da Secretaría Xeral da Cultura do día 4.5.15 (R.E. nº 6150 do 6.5.15), referente a comunicación de concesión de subvención ao Concello de Cangas, por importe de DOUS MIL CATROCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (2.452,90 €), para o equipamento do proxecto de "PANTALLA DE PROXECCIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da concesión por parte da Secretaría Xeral da Cultura de subvención ao Concello de Cangas, por importe de DOUS MIL CATROCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (2.452,90 €), para o equipamento do proxecto de "PANTALLA DE PROXECCIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL".

**EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

**8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROGRAMA DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL-2015**

Vista a proposta do día 7.5.15 do concelleiro de Xuventude e Voluntariado, referente a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, para o programa do servizo de voluntariado xuvenil-2015, que é como segue:

*"PROPOSTA*

*SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROGRAMA DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL-2015*

*Examinada a Orde da Consellería de Traballo e Benestar do día 7 de abril de 2015 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2015.*

*Co fin de favorecer a incorporación do voluntariado na vida cultural e artística da vila, exercitar a solidariedade e cooperación como valor na sociedade e facilitar a incorporación da xuventude interesada en colaborar de forma altruista en proxectos sociais e responder as inquedanzas e interese individuais, redáctase proxecto pola técnica da Oficina municipal de Voluntariado de Cangas, Mª del Mar Núfiez Villar, denominado, Verán Cultural-Cangas-2015.*

*Reunindo todos os requisitos que se especifican na orde de convocatoria, propoño á Xunta de Goberno Local:*

*<u>Primeiro.-</u> Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar ó abeiro da orde citada, unha axuda económica polo importe de DOUS MIL OITOCENTOS (2.800,00 €) para desenvolver o proxecto denominado Verán Cultural-Cangas-2015.*

*<u>Segundo.-</u> Declarar que para a realización do proxecto que se solicita, non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

*<u>Terceiro.-</u> Facultar ó Sr. alcalde-presidente, José Enrique Sotelo Villar, a asinar a solicitude e demáis documentos de subvención."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o aprobar integramente a proposta do concelleiro de Xuventude e Voluntariado, transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, para o programa do servizo de voluntariado xuvenil-2015.

**<u>EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO</u>**

**9º.- PROPOSTAS DA CONCELLERIA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/RENOVACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE NO MERCADIÑO MUNICIPAL-ANO 2015**

<u>9.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2015 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE</u>

Dáse conta de proposta do día 14.5.15 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a resolución de recursos de reposición fronte á denegación de prórroga para o ano 2015 das licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE DA DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2015 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE*

*I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da Provincia de Pontevedra do 8 de abril de 2013) no seu capítulo VI, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do/a interesado/a por períodos sucesivos coincidentes co ano natural, previa presentación da documentación orixinal esixida polo concello.*

*Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2014, os/as titulares foron requiridos/as co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2015, no modelo formalizado proporcionado, outorgando*

*un período de tempo para tal efecto coa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado se entendería que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización.*

*II.- Por acordo de Xunta de Goberno Local do día 23/03/2015, declarouse a revogación das solicitudes de renovación das persoas que de seguido se relacionan.*

*III.- Os/As interesados/as, sendo notificados do anterior acordo, presentaron recursos de reposición, visto o seu contido, cumprindo cos requisitos esixidos pola normativa en vigor, procede a súa estimación repoñendo o acordo anteriormente citado e outorgando as renovacións solicitadas.*

*IV.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento, que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.*

*Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*<u>Primeiro.-</u> Estimar os recursos de reposición presentados e renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2015, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas a:*

| *Ref. nº* | *NOME* |
|---|---|
| *Ref: 67.* | *- Rosa Calvar Martínez* |
| *Ref: 77.-* | *Ilimane Ndoye Mbaye* |
| *Ref: 133.-* | *Manuel Duval Salazar* |
| *Ref: 139.-* | *Enrique Duval Salazar* |
| *Ref: 149.-* | *Gerardo Giménez Gómez* |

*<u>Segundo.-</u> Dar traslado deste acordo aos interesados/as xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a resolución de recursos de reposición fronte á denegación de prórroga para o ano 2015 das licenzas municipais de venda ambulante.

<u>9.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE DA DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2015 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE</u>

Dáse conta de proposta do día 14.5.15 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a resolución de recursos de reposición fronte á denegación de prórroga para o ano 2015 das licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE DA DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2015 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE*

*I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da Provincia de Pontevedra do 8 de abril de 2013) no seu capítulo VI, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do/a interesado/a por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo concello.*

*Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2014, os/as titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2015 no modelo formalizado proporcionado, outorgando un período de tempo para tal efecto coa advertencia de que que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado se entendería que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización.*

*II.- Por acordo de Xunta de Goberno Local do día 23/03/2015, declarouse a revogación das solicitudes de renovación con simultánea transmisión das persoas que de seguido se relacionan.*

*III.- Os/As interesados/as, sendo notificados do anterior acordo, presentaron recursos de reposición, visto o seu contido, cumprindo cos requisitos esixidos pola normativa en vigor, procede a súa estimación repoñendo o acordo anteriormente citado e outorgando as renovacións e transmisións solicitadas.*

*IV.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais, así como, das transmisións é a Xunta de Goberno Municipal, segundo os artigos 18.2 e 16.2 do Regulamento.*

*A vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Estimar os recursos de reposición presentados e renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2015, con simultánea transmisión, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas a:*

| *Transmitente* | *Novo titular* |
|---|---|

*Ref: 92 -Mª Carmen Pérez Bastón    - Abraham Pereira Bastón*

*Ref: 157 -Mª Luisa Iglesias Barreiro - Damaris Jiménez Jiménez*

---

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto eos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a resolución de recursos de reposición fronte á denegación de prórroga para o ano 2015 das licenzas municipais de venda ambulante.

**MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO**

**10º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A "SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS" PARA ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA E REFUXIO**

Examinado o convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a "Sociedade Protectora de Animais", asinado o día 23.4.15, para atención do centro de recollida e refuxio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a "Sociedade Protectora de Animais", asinado o día 23.4.15, para atención do centro de recollida e refuxio.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Medio Ambiente e Intervención.

**PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

**11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR S/APROBACIÓN DA RELACIÓN DE VACACIÓNS DO PERSOAL DO CONCELLO-ANO 2015**

Examinada a relación de vacacións do persoal do Concello de Cangas para o ano 2015, que é como segue:

"CASA CONCELLO OFICINAS

SECRETARÍA

Berta Alonso Soto Do 7 ó 15 de setembro (resto pendentes).

Mª Carmen Broullón Santos Do 13 ó 23 de xuño. Do 21 de setembro ó 9 de outubro.

Mª Carmen Gallego Mandado Do 26 de marzo ó 13 de abril. Do 13 ó 27 de outubro (3 días pendentes).

Teresa Fernández Álvarez Do 13 ó 17 de abril. Do 3 ó 21 de agosto. (4 días pendentes)

APOIO XURÍDICO

Luis Martínez Domínguez Do 3 de agosto ó 4 de setembro.

Paula Piñeiro Portela Do 15 ó 26 de xuño. Do 7 de setembro ó 2 de outubro.

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

Montserrat Santos Santos Do 1 de xullo ó 3 de agosto.

GABINETE DE ALCALDÍA

Peregrina Calvo Calvo Do 16 ó 24 de marzo. Do 1 ó 17 de setembro.

Mª Jesús Guimeráns Millán

ESTATÍSTICA

Jesús Guimeráns González Do 29 de xuño ó 31 de xullo.

José Carlos Vilariño Meira Do 3 de agosto ó 4 de setembro.

ARQUIVO

José Lagoa Iglesias Pendentes.

INTERVENCIÓN

Mª Jesús Piñeiro Bello

Mª Yolanda Entenza Carballo

*Rita Suárez García*

*José Luis Tievo Soliño*

*TAXAS*

*Rafael Bernárdez Martínez* *Do 3 de agosto ó 7 de setembro.*

*Josefa Lino Martínez* *Do 20 ó 31 de xullo. Do 21 de setembro*
*ó* *2 de outubro (resto pendentes).*

*Mª José Martín Solla* *Do 3 ó 28 de agosto (resto pendentes).*

*TESOURERÍA*

*Olga Gómez Corbal* *Do 7 ó 28 de agosto. Do 28 de*
*decembro ó 7 de* *xaneiro de 2016.*

*Mª Carmen Rodal Sotelo* *Do 1 de xullo ó 3 de agosto.*

*María C. Soliño Fernández* *Do 15 ó 24 de xuño. Do 10 ó 14 de*
*agosto.* *Do 9 ó 18 de setembro. Do 28 ó*
*30 de decembro*

*URBANISMO*

*María Rodríguez Gómez* *Do 21 ó 31 de xullo. Do 5 ó 9 de*
*setembro. Do 28* *de decembro ó 5 de*
*xaneiro de 2016 (resto* *pendentes)*

